



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da ETSE Minas do 6 de xullo de 2016

Anexos:

- I. Convocatoria do CGC do 06/07/2016.
- II. Asistentes á CGC do 06/07/2016.
- III. Escrito para a materia: “Instalacións de enerxías renovables” do Grao EE.
- IV. Escrito para a materia: “Tecnoloxía Ambiental” dos Graos EE e ERME.
- V. Escrito para a ACSUG.
- VI. R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-2016.
- VII. Informe Anual do PAT do curso 2015-2016.
- VIII. Memoria do PAT para o curso 2016-2017.
- IX. Plan de Información Pública.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da ETSE de Minas, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de xullo de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGC.

Apróbase por asentimento incluír unha dilixencia na que conste unha reordenación dos anexos, en concreto nos que se refiren ás guías docente dos graos, e na que tamén se inclúa que a Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento as guías docentes das titulacións impartidas na ETSE de Minas para o curso 2016-2017 coas modificacións propostas.

A acta será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS/DOCUMENTOS SGIC/ACTAS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?aid=708>



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



2. Informe da Presidenta.

- Por Resolución Reitoral do 28 de Xuño publicouse a convocatoria de 38 bolsas de colaboración para apoio ás actividades de calidade desenvolvidas nos centros da Universidade de Vigo.

Para a ETSE de Minas convocaron dúas bolsas de 40h durante dous meses e medio. O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 18 de xullo.

As bases e formulario atópanse en: <https://seix.uvigo.es/uv/web/avisos/aviso/show/9125>

- A ANECA puxo en marcha de novo o programa ACREDITA+ para obter o selo EUR-ACE. Para os títulos que xa realizaron o proceso de renovación da acreditación, e por tanto non o poden obter conxuntamente. Preténdese implantar un procedemento específico.

Trátase de que estas titulacións presenten unha solicitude que deberán acompañar dun informe de autoevaluación simplificado. A ANECA comezará a coordinación coas axencias autonómicas para que despois de verán estean dispoñibles as guías de autoevaluación á espera de empezar a recibir as solicitudes no último trimestre do ano.

- Tras os acordos da última Comisión de Calidade do 1 de xullo sobre as Guías docentes enviáronse escritos aos coordinadores de materia informándolles das modificacións realizadas ou que debían realizar.

Producíronse 2 incidencias:

- Materia: “Instalacións de enerxías renovables” do Grao EE.

Envióuselle un escrito (Anexo III) informando da obrigatoriedade de publicar a guía en galego. Estableceuse unha ampliación de prazo ata o luns 4 de xullo. Finalizado o prazo foi o coordinador do grao quen a editou e publicou en galego.

- Materia: “Tecnoloxía Ambiental” dos Graos EE e ERME. Envióuselle escrito (Anexo IV) indicándolle as modificacións efectuadas. O 6 de xullo recibíuse correo electrónico informando que non está de acordo coas modificacións.

Os escritos anteriores están baseados na seguinte normativa:

- Normativa de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes da Universidade de Vigo (aprobada polo Consello de Goberno na reunión do 9 de xuño do 2009). Artigo 3. Aprobación e publicación das guías:

“As guías docentes deberanse aprobar pola Xunta de Centro como mínimo un mes antes do comezo do período de matrícula dos estudos a que se refira. A Xunta de Centro aprobará o calendario e procedemento internos das distintas fases de elaboración e aprobación das guías docentes das titulacións adscritas ao centro.”



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



No caso de non aprobación, a Xunta de Centro deberá indicar os motivos da non aprobación coa indicación dos cambios que deberían ser incluídos nunha nova proposta

Unha vez aprobadas as guías deberán ser asumidas polo profesorado responsable da docencia da titulación no ámbito que lles corresponda (materia, curso, ...), debendo responsabilizarse do desenvolvemento dos aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe que recolle”

▪ Procedemento de Seguimento de Obrigas Docentes da ETSEM.

“Será responsabilidade do coordinador/a de materia, a correcta elaboración, ou no seu caso, revisión da guía docente da materia, utilizando a ferramenta informática Docnet, e seguindo os prazos e instrucións establecidos polo Centro. O non cumprimento destes prazos e instrucións quedará rexistrado, e será motivo de incidencia nas obrigacións do profesorado”

3. Aprobación, se procede, do Escrito para a ACSUG sobre os Informes de Acreditación dos graos.

Envíase con antelación á celebración desta CGC unha proposta de escrito (Anexo V) para que o director da Área de Apoio á Docencia e Calidade, D. Xosé M^a Gómez Clemente, entregue na ACSUG na súa reunión prevista para o día 21 de xullo.

Apróbese por asentimento o contido do escrito.

4. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Coordinación Docente do curso 2015-2016.

Posto que esta semana aínda se están a realizar algunhas da reunións finais de curso, posponse a aprobación do Informe Anual de Coordinación Docente para unha posterior reunión da CGC.

5. Aprobación, se procede, do R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-2016.

Tras a presentación do Informe Anual de Promoción por parte da presidenta (Anexo VI), apróbese por asentimento.

A Comisión de Calidade agradece o traballo realizado á Coordinadora de Difusión, Marta Cabeza, e a todo o profesorado implicado na Comisión de Difusión e anima ao profesorado a participar nas actividades de divulgación comunicando o seu interese no Negociado de Asuntos Xerais para a súa inclusión na Comisión de Promoción.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>

xnaxm@uvigo.es



6. Aprobación, se procede, do Informe Anual do PAT do curso 2015-2016.

A Coordinadora do PAT do curso 2015-2016 fai un resumo das actividades recollidas no Informe Anual do PAT, enviado con antelación á celebración desta CGC, (Anexo VII). O Informe apróbbase por asentimento.

A comisión de Calidade agradece o traballo realizado pola Coordinadora do PAT, Ángeles Saavedra, e aos titores e mentores do PAT.

7. Aprobación, se procede, da Memoria do PAT para o curso 2016-2017.

A Coordinadora do PAT presenta as actividades previstas para o PAT do curso 2016-2017, enviado con antelación á celebración desta CGC, (Anexo VIII). Expóñense as principais diferenzas con respecto ao PAT do presente curso:

- Hai 17 alumnos da Escola en formación para que actúen de mentores dos alumnos de primeiro dos graos durante o próximo curso 2016-17.
- Incorporouse ao PAT o Máster de Xeoinformática.

A Memoria apróbbase por asentimento.

A Comisión de Calidade agradece o traballo realizado polas Coordinadoras do PAT 2015-16 e 2016-17, Ángeles Saavedra e Itzía Goicoechea.

8. Aprobación, se procede, do Plan de Información Pública.

Tras a presentación do Plan de Información Pública por parte da presidenta (Anexo IX), apróbbase por asentimento.

A Comisión de Calidade agradece o traballo realizado polos Borseiros de Calidade.

9. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a seis de xullo de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

A Presidenta

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO I

Convocatoria da CGC do 06/07/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>

xnaxm@uvigo.es



Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 6 de xullo de 2016 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da ETSE de Minas ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de xullo de 2016.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, do escrito para a ACSUG sobre os Informes de Acreditación dos graos.
4. Aprobación, se procede, do informe Anual de Coordinación Docente do curso 2015-2016.
5. Aprobación, se procede, do R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-2016.
6. Aprobación, se procede, do informe Anual do PAT do curso 2015-2016.
7. Aprobación, se procede, da memoria do PAT para o curso 2016-2017.
8. Aprobación, se procede, do plan de Información Pública.
9. Rogos e Preguntas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO II

Asistentes á CGC do 06/07/2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Asistentes á Comisión de Garantía de Calidade	
do 6 de xullo de 2016	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
Carmen Pérez Pérez	Coordinadora Grao ERME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Marcos González Bello	Representante do Alumnado
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Escusan a súa ausencia	
Benito Vázquez Dorrío	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO III

Escrito para a materia: “Instalacións de enerxías renovables” do Grao EE.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IV

Escrito para a materia: “Tecnoloxía Ambiental” dos Graos EE e ERME.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO V

Escrito para a ACSUG.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>

xnaxm@uvigo.es



ANEXO VI

R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-
2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VII

Informe Anual do PAT do curso 2015-2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VIII

Memoria do PAT para o curso 2016-2017.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IX

Plan de Información Pública.